

SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN
DO CURSO:

**“Presentacións gráficas
e de información:
PowerPoint para
docentes”**

Do 08 ao 30 de maio de 2025

**Organiza e coordina: UGT SERVIZOS
PÚBLICOS GALICIA**

DESEÑO PREVIO

a) ENTIDADE CONVOCANTE: **UGT- SERVIZOS PÚBLICOS .**

b) DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

“Presentacións gráficas e de información: PowerPoint para docentes”

c) MODALIDADE FORMATIVA: **EN LIÑA (TELEFORMACIÓN)**

d) OBXECTIVOS PREVISTOS:

- ✓ Manter actualizada a competencia dixital docente desenvolvendo en profundidade as funcións avanzadas de PowerPoint.
- ✓ Localizar, avaliar e escoller contidos dixitais de calidade para apoiar e mellorar o ensino e aprendizaxe.
- ✓ Modificar e adaptar os contidos educativos dixitais e **crear novos contidos** educativos dixitais de forma individual ou en colaboración con outros docentes.

e) CONTIDOS:

- ✓ Deseño. Organización e arquivo das presentacións
- ✓ Gráficos de datos: introdución, cambios, elementos e formato
- ✓ Animación e accións con diapositivas
- ✓ Traballo con obxectos WordArt e táboas
- ✓ Texto e utilidades nas presentacións
- ✓ Traballo multimedia e hipervínculos nas presentacións
- ✓ Formato, notas, documentos e impresión

f) METODOLOGÍA e AVALIACIÓN:

O curso basearase nun enfoque práctico e participativo. Cada módulo está deseñado para proporcionar os coñecementos e habilidades esenciais relacionados co tema do que trata e combinará contido teórico e práctica onde as persoas participantes crearán as súas propias presentacións utilizando PowerPoint. Polo tanto é preciso consultar activamente os materiais proporcionados.

Do mesmo xeito, cada módulo ten actividades avaliáveis que será obrigatorio entregar dentro dos prazos establecidos. As persoas participantes desenvolverán proxectos prácticos que poderán aplicar directamente nas súas aulas, asegurando a transferencia do aprendido á contorna educativa real.

Cada actividade valórase nunha escala de 0 a 10 puntos. Para superar o curso requírese a avaliación positiva, superior a 5 puntos. Se unha tarefa non acada os 5 puntos, poderá enviarse de novo.

h) DATAS DE REALIZACIÓN:

Días: Do 08 ao 30 de maio de 2025

i) LOCALIZACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Plataforma en liña: aula virtual

Teléfono de atención e coordinación: 981 57 36 34

j) VALORACIÓN EN HORAS DE FORMACIÓN: 30 horas.

k) NÚMERO DE PRAZAS: Un mínimo de 25 (non superando as 50 por titor, tal e como establece a Orde)

l) Destinatario: *Profesorado interniveis*

m) Coordinadora:

María Jesús Porto Rey

n) Relatores:

Ramón Ruíz Vence

o) Criterios de selección: por orde de inscrición.